

O APALPADOR!

Barbas coloradas
E grandes zancadas
Xigantón!
Boina, chaqueta remendada
e pipa.
Aí vén o Apalpador!

Baixa cara as aldeas
é o carboeiro do Courel
Sacas de castañas quentes
e xoguetes de madeira a granel

Durme nenín, neniña
que vai vir o Apalpador
a palparche a barriguiña
O Apalpador!

Apalpador, Apalpador
Castañas a cachón
Xa estou moito mellor

Apalpador, Apalpador
Castañas a cachón
A nosa tradición

Barbas coloradas
E grandes zancadas
Xa chegou!
Na cama aloumiña as
barrigas
pra ver se están mantidas

Baixo cara as aldeas
E percorro a Galiza enteira
Son tan vello que nin sei
Cantos anos lle debo á Terra

Durme nenín, neniña
que vai vir o Apalpador
a palparche a barriguiña
O Apalpador!

Apalpador, Apalpador
Castañas a cachón
Xa estou moito mellor

Apalpador, Apalpador
Castañas a cachón
A nosa tradición

